

O PRÍNCIPE DE NANAWA

1774

Clarisa Navas, 2025

ESTREA EN NUMAX: 25.06.2026 | V.O. | +12 | 212 min

“Unha pasarela divide Arxentina de Paraguai. No aire flotan o guaraní e o castelán. A xente corre alborotada traficando con todo. No medio dese ritmo vertixinoso, coñecín a Ángel, aos seus nove anos. Ao escoitalo falar emocionoume tanto que prometín volver velo. Un ano despois regresei e comezamos a facer unha película xuntos. Despois de dez anos, o paso da nenez á adolescencia móvese nestas imaxes entre preguntas, ausencias e unha potencia única de vivir e resistir contra todo”.
(Clarisa Navas)



Entrevista con Clarisa Navas: «O meu cinema é unha forma de estar que abraza a incerteza»

Por Mauro Lukasiwicz

Nese primeiro encontro con Ángel, algo tan simple como unha entrevista derivou nunha promesa e logo nunha relación de anos. Que che fixo sentir que había algo único nel, algo que pagaba a pena seguir rexistrando máis aló o momento? Hai encontros que cambian profundamente a traxectoria da vida, así pasou con Ángel ese día no mercado de Nanawa. Creo que o singular ten que ver co encontro, coa consistencia do que se produce nese “entre”, é difícil de explicar de que está feito iso, precisa tempo. Ángel pareceume increíble desde o primeiro momento, tamén que un neno estableza con tanta soltura unha complicidade de igual a igual cun adulto, non é tan común. Ángel ese día no que quedou toda a tarde comigo ao despedirnos díxome que talvez eramos irmáns perdidos e que nos fixésemos un ADN. Para min iso non é menor, sentirse irmanado con alguén é un torrente de emoción tan fermoso, como non ía persistir en continuar, en facer algo? Non todos os días sucede algo así.

A película constrúese nun “entre”: entre ti e Ángel, entre o que filma e o filmado, entre dous países, dúas linguas, dous modos de habitar o tempo. Como foi para ti soste un proxecto que non só retrata un vínculo, senón que o vive e transfórmao mentres sucede? Creo o encontro con Ángel nos cambiou a vida profundamente a todos os membros do equipo, e lonxe de calquera idealización, querer a alguén ás veces tamén é deixar de ter certa paz, estar nunha ansiedade constante en moitos momentos. É un pouco inexplicable a montaña rusa de emocións, de cuestionamentos, de preguntas, tamén de grandes momentos. A min paréceme que o único xeito de soste un proceso así é resignando calquera intento de control, que o cinema se adapte á vida e non ao revés. É unha forma de estar que abraza á incerteza.

A diferenza de moitos documentais, *El príncipe de Nanawa* non busca unha dramaturxia tradicional nin momentos de impacto. Como foi pensar a montaxe desde esa lóxica do vital, o afectivo, o errático mesmo, para non caer nunha forma narrativa imposta? Hai algo no material gravado e nunha decisión do que se grava e o que non, que moitas veces está un pouco distanciada de certos acontecementos que poderían ser dun impacto forte. Sinto que xustamente certa intimidade que se constrúe entre nós vai alén de pensar algo que ocorreu, por volver un pouquiño atrás sobre a vida ou o sucedido, un exercicio que demasiadas veces a complexidade do día a día leva por diante ou simplemente non está habilitado e que a película estableceu case como un ritual. Ademais, creo que ningunha de nós, incluída a nosa montadora Florencia Gómez García, está ao carón do impacto. Hai todo un sistema configurado nesta lóxica, onde esas narrativas xeran máis parálises que outra cousa, sinto que estamos moi afastadas desta forma. Creo que a montaxe lle fai lugar a unha sensación que no cotián é difícil de aloxar e que o cinema aínda pode devolver cada tanto e que é a conmoción de estar fronte ao tempo. Para min hai algo moi liberador e á vez tremendo dese constatar o tempo. O compartir, o crecemento, o amor, a vida, todo está cheo de momentos que parecen insignificantes, que non son de impacto, xa que vivir é unha grande errancia; con todo, moitas veces as narrativas e as montaxes forzan ao impacto e articulan unha trama que é bastante inimiga dos ritmos singulares. A montaxe foi en busca de non axustarse a esta tendencia, de estar máis do lado do que sucede nun momento, na potencia dunha escena sen necesariamente forzar o fío co que vén.